

Resumen das
actividades de



Anos: 2021, 2022, 2023

As nosas actividades:

-Nel ano 2021:

-Constituimos a nosa asociación oficialmente el 27 de agosto e, dentro del programa de **ANIMACIÓN Á LECTURA**, comenzamos a andar creando úa **biblioteca-fonoteca**. Libros e Cds de autores da zona Eo-Navia, coa intención de dalos a conocer, promover el amor e respecto pola cultura da zona, crear indentidá, salvaguardar lo noso...


Adxuntamos enlace a este apartado da nosa web:

[A nosa biblioteca – axuntar.eu](https://axuntar.eu) e <https://axuntar.eu/temos-fonoteca>

-Como inda non temos un lugar nel que guardar os nosos libros e Cds, organizamos úa biblioteca “portátil”:



- Comenzamos a catalogar os libros que xa temos por medio da CDU (Clasificación Decimal Universal):



-Compramos libros de socios-as e de actas:



-Abrimos contas nas Redes Sociais:

Facebook [Axuntar - Asociación prá normalización del galego de Asturias | Facebook](#)

Twitter (X) [Axuntar Asociación \(@axuntar\) / Twitter](#)

Instagram [Axuntar \(@_axuntar\) • Fotos y videos de Instagram](#)

-Nel proxecto relacionado coa **ESCRITURA CREATIVA**, participamos en “**Camíós entre versos e llouxas**”, actividá convocada por Forum Boal, con varios poemas de diversos membros de Axuntar que se colocaron, escritos sobre llouxas ou enmarcados, en diferentes lugares del Concello de Boal, el día 21 de marzo (coincidindo coel día da Poesía).

Estos son algús delos:

ÚA PREGUNTA


*Si daquén me preguntase
por úa montaña soñada,
abriría a ventá
e miraría de llonxe.
Quedaría emocionada
coa alfombra de colores:
Ericas, brezos de suaves maxenta,
uces mourales,
toxos e xestas dourados,
folgueiras esmeralda.
Bañadas de azul,
as tollemerendas dos camíós.
De algodón,
as zanahorias silvestres.
Violetas -armas de muller-,
os crocus, estallois
e lirios de augua.*



*Asombraríanme polos carreiros
 as pedras culobra,
 llouxas, cuarzos, micas,
 rolling stones.
 E os tímidos rascacheiros.
 Castañeiros e carballos,
 copas al vento,
 trazando sendeiros.
 Ei enriba,
 nel crumen del celo,
 azores e confiados paporrubios.
 E as nubes -telas bordadas de Yeats-:
 cúmulos, mammatus, cirros e irisadas,
 espumas de mar
 deslizándose suavemente.
 Pero... non hai quen me pregunte,
 e a montaña quedará
 nos meus pensamentos,
 nos recordos doutros tempos,
 nos soños
 e na maxia que creou el sou misterio.*

FLÂNEUR

**Podería ser un flâneur en París,
 vestir
 os poemas con nomes de escritores
 ou músicos
 que en tumbas se descompoin
 sen destino.
 Pero nacín
 vagabundo
 dun lugar
 trazado en mapas enrugados
 unde as lápidas non falan el idioma dos mortos
 e un arco feridoiro
 cubre
 de silencio
 as serras.**



-Conxugando ESCRITURA e LECTURA con outras artes, fixemos úa exposición fotográfico-textual, *Ei tán... as portas de Boal*, que combina escritura creativa -na nosa lingua e en castellano- e fotografía, na Casa da Cultura de Boal el 10 de xullín de 2021.

A exposición consistiu en 60 fotografías de diferentes portas de Boal, acompañadas cada úa dun texto bilingüe como pé de foto. Incluímos ademais algún relato breve e diversos haikus e tankas poéticos (tamén bilingües). Tanto as fotografías como a tradución dos textos a galego de Asturias foron realizados por dous membros de Axuntar (Begoña Martín e Quique Roxíos respectivamente); os textos son de Edita Nogueira. Os medios técnicos empregados foron a impresión en tamaño A4 de fotografías e textos, e enmarcado en cristal.

Tamén se realizou úa xuntanza pra presentar a exposición na mesma sala da Cultura de Boal, á que asistiron a tenente alcalde de Boal, el avogado e escritor Quique Roxíos -que presentou el acto e foi el tradutor al galego de Asturias dos textos-, Edita Nogueira -autora dos textos-, Begoña Martín -autora das fotografías- e público asistente.

A editorial Canel sacou al prelo un libro.



Obxectivos: valorar el noso patrimonio material e inmaterial, a lingua, a escritura creativa...



-E, al largo del ano, creamos pouco a pouco a nosa **ferramenta web:** www.axuntar.wordpress.com, na que seguimos traballando de forma continuada, actualizando contidos, comentando novas...

-Fixemos reunións:




-**Nel ano 2022** colaboramos en diversas actividades da zona e fomos protagonistas doutras:

-Seguimos aumentando a nosa biblioteca e fonoteca.


-Nova participación en actividades relacionadas coa **ESCRITURA: Camíos entre versos e llouxas**, convocada por Forum Boal, con varios poemas de diversos membros de Axuntar que se colocaron, escritos sobre llouxas ou enmarcados, en diferentes lugares del Concello de Boal, el 21 de marzo.

file:///C:/Users/bmart/OneDrive/Documentos/AXUNTAR/Entre%20Versos%20i%20Llouxas%202023.Axuntar.pdf




-Repetimos a exposición fotográfico-textual, “**Ei tán... as portas de Boal**”, que combina escritura creativa e fotografía, na Veiga, del 12 al 19 de agosto.

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICO-TEXTUAL
“**Ei TÁN... as portas de Boal**”
“**AHÍ ESTÁN... las puertas de Boal**”



Del 12 al 29 de agosto 2022.
Casa Cultura de A Veiga

- Begoña Martín Acero (Fotografías)
- Edita Nogueira Tallón (Textos)
- Quique Roscos (Tradución al galego de Asturias / traducción al gallego de Asturias).
- Edición del libro:



HORARIO:
Lluis, martes e venres / lunes, martes y viernes:
9 h. a 15 h.
Martes e xoves / martes y jueves:
9 h. a 14 h.; 18 h. a 21 h.

-El 12 de agosto realizamos úa **ruta literaria** coa lectura de diversas poesías por el camín del Llobatín a Bullaso, preparando úa posible actividá para el 2023.



-Editamos (a finales de agosto) **300 exemplares del noso primeiro INFORME divulgativo** que repartimos entre socios-as, asociaciois, concellos, bibliotecas... **Adxuntamos a esta memoria un exemplar**, editado coas cuotas das nosas asociadas e asociados. -Editamos tamén **300 marcapáxinas**, que acompañan el folleto (**incluímos un**):



[Aquí el enlace al I Informe](#)

-E fixemos a súa presentación na Casa da Cultura de Boal, el 8 de outubro:



-E outra na Veiga el 27 de decembro:

Presentación del
Informe lingüístico del Navia-Eo
Sen fronteiras: galego de Asturias

intervein

Martes 27
Decembre 2022
17:45 horas
Casa da Cultura da Veiga
Sala de Exposicións Luís Fega
Alameda, 12 1ª Planta
A Veiga - Asturias

Saludo de
César Álvarez Fernández Alcade da Veiga
Presentación por
Moisés Cima Fernández Medador Comunicativo
Presidente da asociación Axuntar
Ramiro Xabier Barcia López Doutor en Lingua Española e Lingüística Xera
Universidade de León
Natalia Jardón Pérez Doutora en Lingüística Xeral
Universidade de Toronto (Canada)
Enrique González Álvarez Executivo de Axuntar

Os asistentes poderán recoller un exemplar gratuito del informe editado por Axuntar



-Participamos na Pitafesta, “el primeiro festival del mundo nun galiñeiro”, un evento sostible nel rural onde disfrutar del arte, da cultura e da música. Organizado os días 2, 3 e 4 de setembro por Pitasana, As Lleiras (Boal), nel que membros de Axuntar (Marta Méndez Quintana e Quique Roxíos) leron os seus poemas e onde realizamos un charla-coloquio al redor da nosa lingua. Tamén colocamos a exposición *Ei tán... as portas de Boal*.



Fotografía da reunión de Axuntar nel lugar da exposición na Pitafesta

-Tamén participamos na exposición “Nía”, na Veiga, con fotografías, el 16 de xunio:

“Nía” homenaxea a la mujer del Navia-Eo

La exposición, ahora en Vegadeo, incluye diecisiete fotografías antiguas que ponen el foco sobre el empoderamiento femenino.

I Xornadas Nía

Muyeres,
Tradición y
Novas
ruralidades

Castropol, El Franco,
Tapia de Casariego y
A Veiga

☎ 653 84 80 68
650 34 81 23

✉ niamuyeresarte@gmail.com




E enviamos poemas e microrrelatos a [“Manifiesto de arte pola Terra”](#):

Arte para defender la reserva del Eo

El “Manifesto pola Terra” nace del rechazo a la proliferación de eólicos en la zona y anima a mostrar el amor por el territorio con propuestas artísticas.

E CHEGOU EL HOME



*E unde taban aquelas florías moradas
que chamábamos gancellas
das que as abellas taban namoradas:*

Crassssshhhhhhhhhhh!

Un furaco

*E entre as folgueiras,
mantas del musgo e da terra moura,
cobertores de insectos:*

Booommmmmmmmmmm!

Outro furaco

*E nel medio dos árboles -torres de vida-,
e sobre os toxos -espías de luz-,
e enriba das xestas -soldeameicer-:*

***Dolor, amor, dolor!**
Solo dolor, amor!*

E un microrrelato:

Ás veces teño saudade das fontes.

A fonte de Suaviña. El manantial fluíndo por baxo da cerca del horta. Remansábase calado á beira del prado, nel fondo dúa gruta vertical, pedra sobre pedra. Había que encrequenarse pra encher a botella pouco a pouco, sempre a rentes, pra non turbiar el auga nin molestar ás sapalingresas que vivían alí.

A fonte del Capitán, secreta e caprichosa. Oculta na espesura entre brizas folgueiras, cómplices del sou escuro frescor. El auga esvaraba por riba da roca arregueirando el verdín, agás el pequeno chorro que brotaba, condo quería, del pipelo de madera. Soño algúas noites coa fonte dos Rocíos, que nacía entre el herba, aberta al nordés. As súas augas avanzaban a xeito por as penas pizarrosas da vaguada pra acabar caendo núa greta, estreita e fonda presa asolagada ás veces por as ondas impetuosas e salgadas dun mar que se espurría asta dar con ela.

Renembro tamén certos pozos. Máis que os de arco, os de caperuzo. Caperuzo de pedra, mandil metido e brocal terciado. Nel medio da porta, as pequenas aberturas circulares, nariz por a que respira el pozo. Xirar a caravilla pra despois asomarse al abismo húmedo e sombrío, silencioso asta que collemos el balde, termamos da corda e lle deixamos ir por a roldana. En segundos, un trallazo sacudirá el auga, aló nel fondo. Énchese el balde, e súbese. Fóra espera a luz toda, e a garrafa que recibirá -de e pra nosoutros- a vital transfusión.

Gustaríame pedirles perdón por telos esquecido. Por telos abandonado, derribado, cegado, pechado ou ignorado, humildes fontes e pozos que nos quitaron a sede, nos lavaron, nos refrescaron, nos mantuveron con vida.

Recórdolos agradecida e invoco a Coventina, deusa celta das augas, pra que siga protexendo os nosos mananciales.

-Felicitamos el Nadal a todos os socios-as e simpatizantes:



-Coa axuda del noso "informático" particular, tamén elaboramos pegatinas diversas:



-Nel ano 2023 REALIZAMOS as seguintes actividades:

-Seguimos aumentando a nosa biblioteca e fonoteca. Esta vez con donacións.



-A partir dun boceto realizado por úa socia de Axuntar, elaboramos os que serán os nosos carteles pra acompañar exposicións, debates, xuntanzas e as presentacións de informes:

1. [Cos nomes dos concellos](#)
2. [Mapa con lema](#)

-Fixemos campañas a través das nosas redes sociais:

1. Pra recopilar contos populares del Eo-Navia:

CÓNTAS NOS UN CONTO?

QUEREMOS FER ÚA RECOPIACIÓN DE
CONTOS POPULARES DEL EO-NAVIA

Faisnos falta! 



RECORDAS ALGÚN CONTO DA TÚA INFANCIA?

["PEDRO DAS MALAS ARTES", "CONTOS DA RAPOSA" ...]

PODES POÑELO POR ESCRITO?

ENCANTARÍANOS QUE TE
ANIMASES A ENVIARNOS UN!!!



Indicacióis:

- Fai memoria

- Pregunta a persoas maiores, familiares, avós-as,
veciños-as...

- Escríbela e envíanosla a:

asociacion@axuntar.eu

- Anota *quén* lo contaba, *onde* se contaba e os *tous datos*
personales (nome e apelidos, dirección, correo-e...).




-Creamos varios puntos de “bookcroosing” (intercambio de libros). Formamos parte del movimiento internacional que quiere fer del mundo úa gran biblioteca. Así que:



1. Nel camín que vei desde Llabiada a Prelo (Boal) había úa pequena caseta en desuso que convertimos nun posto libreiro pra deixar e coller libros. En agosto 23 tuvemos úa reunión coel alcalde de Boal e esa caseta xa é de Axuntar, así que comenzamos el proxecto, despós que el Concello se encargou de limpar os alrededores da caseta (**desde aquí el noso agradecemento**). Así quedou:

1. Escribimos haikus sobre llouxas pra adornar el sou interior e tamén colocamos úa llouxa explicando el proxecto creativo dos haikus -pra animar non solo a ler, senón tamén a escribir-.




2. Compramos úa estantería pra colocar os libros de intercambio.



3. Finalmente “tuneamos” as paredes: na esquerda escribimos un haiku de Marta Méndez Quintana; na dereita, el logo de Axuntar e un haiku de Santi Somoza; e nel fronte, a nosa folgueira e el nome del proxecto: **LIBROS CEIBES**.

4. En diversos puntos del camín colocaremos carteles explicativos e informativos.





2. Na casa da Apicultura dos Mazos -Boal- cplcamos úa casía de “libros ceibes”, para que os vecíos e vecías, paseantes, turistas... podan intercambiar os sous libros.



3. Na casa da Cultura de Boal instalamos outra:



4. Nel lavadeiro público del Llobatín, chamado Fonte del Marcello (úa fonte de calendas pra reparto del auga), en proceso de restauración por parte dos vecíos e vecías:



Aquí ta xa colocada outra das nosas casías de Libros ceibes:



Neste punto del Llobatín relacionado coel auga, colocamos tamén carteles falando del uso das fontes.

Elaboramos e imprimimos un texto que acompaña al lavadeiro:



Andulía (*Hirundo rustica*)

A fonte del Marcello



Paporrubio (*Erithacus rubecula*)

Os llavadeiros son parte del Patrimonio Etnográfico das nosas aldeas. En moitos sitios a xente chámalle a estos lugares "a fonte".

Son construcións feitas al aire libre, integradas nos espazos naturais. Normalmente tein un carácter comunitario ou público.

Os llavadeiros eran tamén espazos de socialización, onde as mulleres del pobo se xuntaban pra llavar a roupa e puella a secar, pero tamén pra falar e comentar cualquier nova ou suceso, ou contar chismes e cantar. Tamén se iba á fonte buscar auga prás casas, que as mulleres llevaban en canadas ou caldeiros. Pra transportar estas cargas pesadas con augua ou baldes de roupa as mulleres puían encima da cabeza un cacho de trapo posto en forma de círculo al que chamaban corra.

El sou uso durou asta mediados del s.XX e xugaban un papel fundamental na transmisión cultural da literatura oral: ditos, refrais, experiencias de vida...

Este llavadeiro del Llobatín, concello de Eilao, toma el nome del valle unde ta -Valle del Marcello- e os vecios chámalle A Fonte del Marcello. É úa fonte de "Calendas" (Del latín KALENDAE, "primeiro día de cada mes") lo que quere decir que tamén tía outra función: a de reparto del augua pral regadío. A distribución regulábase por un sistema de dereto consuetudinario ou costume según el cual cada vecin podía regar us días determinados cada semana.

Trátase dun llavadeiro de planta cuadrangular, cuberto por un llouxada a dúas augas con estrutura de madeira que descansa sobre varios pilares nos laterales con cubrevarnos abertos na súa mitá superior. Úa das fachadas pecha asta enriba e noutra ta a entrada del recinto.

Nel sou interior hai úa úa pila de forma igualmente cuadrangular, un pousadoiro* e as presas de desagüe que van por el terrén, arrentes das paredes exteriores. Non se conoce a fecha de construción exacta, pero seguramente foi construído na década dos anos cuarenta del s. XX.

Foi restaurado nel mes de maio de 2023, aportando el Axuntamento os materiais e os vecios el traballo.

É alimentado por úa fonte de auga que nace a us 25 metros e que foi canalizada asta el llavadeiro.

Nesta Fonte del Marcello, al ser zona de viñedos, dentro del recinto había úa cuba de viño, un tonel feito con doelas verticales de madeira suxeitas con aros de ferro, unde os vecios preparaban a mezcla de cal e sulfato, na proporción axeitada pra sulfatar cepas ou patacas.

El llavadeiro sigue utilizándose actualmente de xeito puntual, pos inda se regan as hortas cercanas.

Técnicas de llavado:

As mulleres, ademais de llavar, puían a roupa branca al verde. Era necesario asegurarse que as prendas tuveran sempre molladas ou humedecidas, mentras permanecían ei. Despós acababa de llavarse a roupa e procedíase a llevalla al tendedeiro pra secar. Este sistema substitúa a lexia e branquiaba a roupa. É un método que inda se utiliza hoxe en día na comarca.


Fauna:

Son moitos os animalíos que poden verse núa fonte e nos llavadeiros. Son habituales as sapagueiras, os sapos e ras -as comiis ou as vermellas- os caracoles, os llimacos e páxaros como os mermos, carrizos, andulias, paporrubios...

Ditos ou refrais metereolóxicos sobre as fontes:

En agosto secan os montes, en setembro arden as fontes.

*Condo a garcía vai pral monte, colle a sella ** e vai á fonte*



Sapo común (*Bufo spinosus*)



Ra (*Rana temporaria*)

Orixe del topónimo:

Marcello é en realidade un antropónimo derivado del latín MARCELLUS, diminutivo del praenomen MARCUS, un nome teofórico relacionado coel deus Marte. Dado el sou orixe latino e a súa referencia directa al deus, probablemente Marcello signifique "consagrado a Marte".



Cosco (*Cornu aspersum*)

* Pousadoiro: lugar unde se pon a carga a descansar. Tamén se poden atopar nos mollos.

** Sella: Recipiente de forma troncocónica con dúas asas, feito con trabas de madeira e aros metálicos de ferro ou latón, con tapa, e que servía pra transportar auga. Sinónimos: ferrada, canada.

[Aquí a ligazón al cartel en formato PDF](#)

-El cartel tamén tará en castelán e haberá ademais un poema dedicado á sapagueira, escrito por Jesús Trashorras:



A fonte del Marcello



Los lavaderos son parte del Patrimonio Etnográfico de nuestras aldeas. En muchos sitios la gente llama a estos lugares "a fonte".

Son construcciones hechas al aire libre, integradas en los espacios naturales. Normalmente tienen un carácter comunitario o público.

Los lavaderos eran también espacios de socialización, donde las mujeres del pueblo se reunían para lavar la ropa y ponerla a secar, pero también para hablar y comentar cualquier noticia o suceso, o contar chismes y cantar. También se iba a la fuente a buscar agua para las casas, que las mujeres llevaban en "canadas" o "caldeiros". Para transportar estas cargas pesadas con agua o baldes de ropa las mujeres ponían encima de la cabeza un trozo de trapo puesto en forma de círculo al que llamaban "corra".

Su uso duró hasta mediados del s.XX y jugaban un papel fundamental en la transmisión cultural de la literatura oral: dichos, refranes, experiencias de vida...

Este lavadero del Llombatin, concejo de Eilao, toma el nombre del valle en donde está situado -Valle del Marcello- y los vecinos le llaman A Fonte del Marcello. Es una fuente de "Calendas" (del latín KALENDAE, "primer día de cada mes") lo que quiere decir que también tenía otra función: la del reparto del agua para el regadío. La distribución se regulaba por un sistema de derecho consuetudinario o costumbre según el cual cada vecino podía regar unos días determinados cada semana.

Se trata de un lavadero de planta cuadrangular, cubierto por un losado a dos aguas con estructura de madera que descansa sobre varios pilares en los laterales con cubrevanos abiertos en su mitad superior. Una de las fachadas se cierra hasta arriba y en la otra está la entrada del recinto.

En su interior hay una pila de forma igualmente cuadrangular, un "pousadoiro" y las presas de desagüe que van por el terreno, al lado de las paredes exteriores. No se conoce la fecha de construcción exacta, pero seguramente fue construido en la década de los años cuarenta del s. XX.

Fue restaurado en los meses de mayo, junio y julio del año 2023, aportando el Ayuntamiento los materiales y los vecinos el trabajo.

Es alimentado por una fuente de agua que nace a unos 25 metros y que fue canalizada hasta el lavadero.

En esta "Fonte del Marcello", al ser zona de viñedos, dentro del recinto había una cuba de vino, un tonel hecho con duelas verticales de madera sujetas con aros de hierro, donde los vecinos preparaban la mezcla de cal y sulfato, en la proporción adecuada para sulfatar cepas o patatas.

El lavadero sigue utilizándose actualmente de forma puntual, pues aún se riegan las huertas cercanas.

Técnicas de lavado:

Las mujeres, además de lavar, ponían la ropa blanca al verde. Era necesario asegurarse que las prendas estuvieran siempre mojadas o humedecidas, mientras permanecían ahí. Después acababa de lavarse la ropa y se procedía a llevarla al tendedero para secar. Este sistema substituía a la lejía y blanqueaba la ropa. Es un método que aún se utiliza hoy en día en la comarca.

Fauna:

Son muchos los animalitos que pueden verse en una fuente y en los lavaderos. Son habituales las salamandras, los sapos y ranas -las comunes o las rojas- los caracoles, las babosas y pájaros como los mirlos, chochines, golondrinas, petirrojos...

Dichos o refranes meteorológicos sobre las fuentes:

En agosto secan os montes, en setembro arden as fontes.

*Condo a garcía vai pral monte, colle a "sella" ** e vai á fonte.*

Origen del topónimo: Marcello es en realidad un antropónimo que deriva del latín MARCELLUS, diminutivo del praenomen MARCUS, un nombre teofórico relacionado con el dios Marte. Dado su origen latino y su referencia directa al dios, probablemente Marcello signifique "consagrado a Marte".

* Pousadoiro: lugar donde se pone la carga a descansar. También se pueden encontrar en los molinos.

** Sella: Recipiente de forma troncocónica con dos asas, hecho con trabas de madera y aros metálicos de hierro o latón, con tapa, y que servía para transportar agua. Sinónimos: "ferrada", "canada".



A SAPAGUEIRA



Pel lisa e relucente
color negra amarellenta,
dos sitios secos fuxe
á procura sempre de augua.

De día gusta ocultarse
debaxo de follas secas,
sempre en húmedos paraxes,
abrigada entre a maleza.

Coas súas gordúas patas
pasín a pasín esvara
coma úa fermosa dama
polo medio da foresta.

Condo a noitía chega,
vermes e demais bichocos
caza con grande destreza
con aire mui belicoso.

El vrao nada lle gusta,
é el outono el preferido,
a estación de namorar
e atopar al sou querido.

Pra fer el amor,
el gañato deixa cofar
polo amante con fervor,
nun ardoroso abrazar.

Por que entón tan perseguida,
por nosoutros tan aborrecida?
De bichos el monte limpa,
e nosoutros segámoslle a vida.

Solo a llúa, a súa aliada,
por ella sinte tenrura,
e dulcemente lle canta
úa nana pra que durma.

Xesús Trashorras Nogueira



Sapagueira (*Salamandra salamandra*). Anfibio da familia dos salamándridos, de pel lisa e brillante, de color negra con manchas marellas. Sinónimos: becha, bicha, pinchorra, pintega, sacabeira, sacarrancha, salamanca.

4. Abrimos úa web nova: www.axuntar.eu

A nova web é dinámica, intuitiva e fácil de utilizar. Permite ir descubrindo e accedendo ás novas, artigos, al blog (que Axuntar chama *Bitácora*) e outros contidos según as preferencias del visitante que atopará informacóis emerxentes, un espacio de opinión e un diseño adaptable aos distintos equipos (móvil, tablet ou ordenador) utilizados. A web prevé tamén un sistema de búsquedas por contidos, árbol de categorías, posibilidade de escolla por fechas e un libre acceso a comentarios abertos.

Dentro da web temos:

-Páxinas fixas:

-Somos

-Qué femos:

-Cartelería

-Resolvedudas

-Acceder

-Contacta

-Afiliate

-**Entradas** agrupadas por categorías na nosa *Bitácora*:

-A nosa lingua

Nesta categoría incluímos todos os post relacionados coa nosa lingua. As “píldoras” de Axuntar, novidades editoriais (como el Dic do galego do Bierzo e a Literatura galego asturiana), Músicos que cantan nas linguas cooficiales,

-**A palabra del mes.** Palabras como: BRUAR, PANQUEIXA, FALCATRUADA, REBELAXE, BIDUREIRA... Analizadas baxo el prisma da etimoloxía, con refrais que se relacionan con ellas, cousas curiosas... Con todas femos un calendario para repartir entre socixs e simpatizantes.

-**Actividades de Axuntar:** Aquí tán incluídas reunións, exposicións, participación con outras asociacións e proxectos da zona (Forum Boal, Pitafesta), axudas en traducións e prá normalización da nosa lingua (Xente de Ozcos-eo), colaboración na edición de libros de autores da zona (*Rellustros*), entrega dos premios Folgueira (folgueira de honor, socio de honor e folgueira dixital), Presentación del I Informe e II Informe de Axuntar,

-**Biblioteca:** Catálogo de todos os libros que forman parte del elenco de Axuntar.

-Entrevistas: Un número xa importante de entrevistas feitas a diversas persoas del ámbito cultural: Jaione Camborda, directora del filme *O cornu*, premiado na Concha de oro de Donostia; a Rodrigo Cuevas, artista multidisciplinar; a Javier Cancio, ceramista tapiego.

-Fonoteca: Cds musicales

-Novas: É outro “saco” nel que guardar

-Opinión: Artículos publicados na nosa web sobre diversos temas de actualidá: “El negacionismo galegu” de Ramón d’Andrés; “Galicia ye trilingüe”, de Xosé Henrique Costas, “El gallegu de Asturias”, de Xuan Bello, “La jibarización del galego de Asturias”, de Miguel Ángel Pérez Suárez; “Á atención de José Ángel Hevia”, de Santi Somoza; “Xuan Xosé e a toponimia”, de Santi Somoza; “Sobre el galego de Asturias, silencio”, de Quique Roxíos...

-Os nosos concellos: estudio monográfico sobre os nosos concellos: Pezós, Boa, Eilao, Santiso de Abresl...

-Temos escritores-as. Nel Eo-Navia contamos con úa larga lista de escritores-as que lo fain na nosa variedá dialetal, seguindo úas normas ou outras. En Axuntar recolleemos aqueles textos, libros, artículos... que son fieles á normativa que nos achega al noso tronco galego-portugués.

-Patrimonio natural. Temos post sobre as nosas mariposas (paxarías, bolboretas...), sobre as plantas medicinales da zona, as setas...

-Patrimonio cultural: os muros de pedra seca, os calieiros

-Temos regalos: nesta categoría incluímos textos, poemas, comentarios... que nos envían diferentes persoas na nosa lingua común e que queremos compartir coel resto del mundo.

-Toponimia: é el noso apartado dedicado aos nosos topónimos en microtopónimos. Incluída úa Unidá Didáctica para ser utilizada nos diferentes etapas educativas: Primaria, Secundaria, tanto na asignatura de “galego-asturiano” como na de Xeografía e Historia.

-Varios: é úa categoría na que se inclúen diferentes temas, úa especie de saco nel que guardar posts que poden encajar en diversos apartados ou categorías.

-Xogos: Aquí temos muitos xogos relacionados coa nosa lingua, desde Wordle asta úa imaxe na túa lingua, greguerías, un paseo por Nubolancia, refras con pictogramas, Acción poética, A noticia del ano, escribimos úa carta?, un marcapáxinas, imos escribir, imos adoptar, El cofre dos tesouros...

-Ademais, Axuntar crea a súa **propia Rede Social**: un FALADOIRO, un espacio e perfil persoal como lugar de encontro con outros participantes, que ofrece a posibilidade de fer actividades nella e que se entende como espacio de colaboración que permitirá crear grupos e el envío de mensaxes -tanto públicas como privadas-. Deste xeito, a través dun sistema de Acceso Seguro, mediante alta de Usuario e Contraseña, se poderá dispoñer d'una área privada e tanto Axuntar como os usuarios poderán enviar, si lo consideran axeitado, información personalizada.

-Sacamos el noso primeiro boletín informativo, en xuño:

[Boletín nº 1_xuño23.pdf](#)



-Asistimos un ano máis á Pitafesta, el 2 de setembro, onde colocamos de novo a exposición de Haikus e fotografías.

Pita Festa

PROGRAMACIÓN

2 SEPTIEMBRE 2023

12:00h Comienza pintura mural colectiva (todas las edades)

14:00h **6 RIALES** reinventando la tradición sin perder su esencia

15:00 a 16:00h momento amenizado por **DJ ÁNGEL VILLAMERIEL**

16:00h poetisa y ensajista de Galicia. **OLGA NOVO**. Premio Nacional de Poesía en el año 2020

16:30h **JORGE COLSA Y GEMA BRAVO**. Cantautores Multifusión & Poesía con Karma. "Canciones y razones"

17:00h cuentacuentos rock and rolero. **BALAMBAMBU**

18:30 a 19:30h **JAM SESIÓN**, micro abierto

20:00h **EL AMIGO DE ANDRESIN**, acompañado de guitarra, percusión y coros

21:30h **DAVIDE SALVADO**, Permita Deus, música do mundo

23:00h **DR BALKAN**, loops, samples, ritmos electrónicos y diferentes instrumentos musicales tocados en directo

00:00h **FIESTA DJ**, Musicas del mundo. Fusion electrónicas

DURANTE TODO EL DÍA

Bar, comida local y eco

Exposición de fotos de naturaleza acompañadas de haikus autores: Marta Méndez Quintana, Paloma García Méndez Quique Roxiós, Begoña Martín Acero


Exposición de cerámica, Marcos Pérez

Puestos de artesanía

Juegos tradicionales

Se permite acampada

-Editamos el II Informe divulgativo de Axuntar, en xullín.




[Aquí el enlace al Pdf](#)

-Este informe foi presentado en Boal, el 28 de outubro, coincidiendo coa Feira del mel:




-Esos días da Feira del mel, en Boal, colocamos dúas exposicións: *Haikus prá nosa terra* (poemas e fotografías realizados por Marta Méndez Quintana, Paloma García Méndez, Quique Roxíos e Begoña Martín Acero). e *El mel de Boal. En abellas e en ovellas non metas lo que teñas* (fotografías de Begoña Martín Acero e textos de diversos autores).



-Presentamos tamén el II Informe en Santalla de Ozcos:



-Colocamos este cartel nel lavadeiro de Boal: un texto escrito por Rosa Cortizo, natural de Zadamoño e vecía de Almería, socia de Axuntar:



- Pra rematar el ano, elaboramos un **calendario** con todas as palabras del mes que subimos á nosa web. [Este é el enlace](#) pra velo e descargalo.

-Abrimos contas nas Redes Sociales:

Facebook [Axuntar - Asociación prá normalización del galego de Asturias | Facebook](#)

Twitter (X) [Axuntar Asociación \(@axuntar\) / Twitter](#)

Instagram [Axuntar \(@_axuntar\) • Fotos y videos de Instagram](#)



Asociación prá normalización del galego de Asturias

2024